

Xabier Pérez Igrexas, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Vigo, ao abeiro do establecido no artigo 63.4 do Regulamento Orgánico do Pleno e da restante normativa aplicábel, eleva ao Pleno da Corporación para o seu debate a seguinte

MOCIÓN DE URXENCIA

CONTRA A CENSURA E AS REPRESALIAS POR CAUSAS POLÍTICAS E IDEOLÓXICAS NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

O día 20 de febreiro de 2024, mesma data na que se formaliza en Xunta de Portavoces a convocatoria de sesión ordinaria do Pleno do Concello de Vigo para o 26 de febreiro, diferentes medios de comunicación publican informacións (https://www.eldiario.es/galicia/deputacion-pontevedra-elimina-proyecto-igualdad-cuatro-expertas-apoyaron-publico-ana-ponton_1_10943416.html e <https://www.nosdiario.gal/articulo/social/deputacion-pontevedra-censura-relatoras-que-apoiaron-bng/20240220220759191073.html>) nas que se recolle a exclusión (dous días despois das eleccións galegas do 18 de febreiro) nun proxecto de Igualdade desenvolvido pola Deputación de Pontevedra de 4 relatoras, inicialmente incluídas, unha delas veciña da cidade de Vigo, por se ter significado como integrantes das candidaturas do BNG ou ter expresado publicamente o seu apoio ás mesmas.

Este feito, sen precedentes, supón un acontecemento de relevancia na medida en que atinxe á liberdade de pensamento, expresión e participación política por parte do ente provincial e que merece pola súa gravidade dun posicionamento claro e rotundo por parte do Pleno do Concello de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 20 de febreiro de 2024, apenas dous días despois de celebradas as eleccións ao Parlamento de Galiza, transcendeu publicamente a exclusión do proxecto "*Aquí faltan páxinas*", desenvolvido pola Deputación de Pontevedra, de catro relatoras que inicialmente facían parte do mesmo. As persoas excluídas son a escritora e xornalista, referente na memoria histórica, Montse Fajardo; a escritora, Mercedes Queixas; a avogada e vicepresidenta da Mesa pola Normalización Lingüística, Elsa Quintas (veciña de Vigo); e a profesora, Chus López Escudeiro.

Malia que no mes de decembro a empresa encargada da execución do proxecto fixera contactos para contar coa participación destas catro persoas referentes no ámbito da memoria e do feminismo e con acreditadas traxectorias no ámbito da divulgación, o martes 20 comunica oficialmente que a Deputación rexeitou a súa inclusión como relatoras. Persoas que como único denominador común teñen o feito de teren participado ou apoiado publicamente as candidaturas do BNG ás eleccións galegas do pasado 18 de febreiro.

Trátase, de maneira evidente, dunha represalia política expresión do máis antidemocrático sectarismo, que colida de xeito flagrante co exercicio de dereitos fundamentais e liberdades democráticas como son a liberdade de pensamento, de expresión e o dereito á participación política. Unha instrumentalización partidista dunha institución pública, a Deputación de Pontevedra, que reproduce a mesma censura ideolóxica que o Partido Popular aplica de maneira férrea noutros ámbitos, como a CRTVG, como vén de evidenciar o recente veto á participación do activista e divulgador ambiental Rogelio Santos Queiruga en programas da televisión pública do noso País, tras cuestionar a xestión da crise ambiental dos *pellets* e amosar o seu apoio á candidatura liderada por Ana Pontón.

Este feito, en por si da máxima gravidade, é o último expoñente da política de demolición aplicada polo Partido Popular na Deputación de Pontevedra no que ten a ver coas políticas desenvolvidas entre 2015 e 2023 polo anterior goberno provincial no referido á igualdade e a memoria histórica, entre outros. Unha involución antidemocrática que fai retornar o ente provincial aos seus

anos máis escuros, marcados pola instrumentalización partidista e o caciquismo.

Polo que, a través desta moción, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Expresar a máis rotunda condena e reprobación en contra do Goberno da Deputación de Pontevedra pola censura e as represalias, por causas políticas e ideolóxicas, en contra das catro relatoras que veñen de ser excluídas inxusta e inxustificadamente do proxecto "*Aquí faltan páxinas*", esixindo a rectificación deses vetos antidemocráticos.

Vigo, Galiza, 22 de febreiro de 2024.

Asdo.



SR. ALCALDE-PRESIDENTE

CONCELLO DE VIGO